



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif. Advo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria xustificativa do Acordo polo que se dispón a achega da Xunta de Galicia a favor da Fundación Semana Verde de Galicia*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 12 de febreiro de 2019.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electrónicamente a presente dilixencia.





MEMORIA PROPOSTA

A Fundación Semana Verde de Galicia, da que é patrón a Xunta de Galicia, constituíse en escritura pública de dezaseis de marzo de 1991 e clasificouse mediante Orde do 9 de xullo de 1991, adscribíndoselle o seu protectorado á Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A Fundación foi declarada de interese galego mediante Orde do 10 de xullo de 1991, estando configurada como unha fundación do sector público autonómico, da que é patrón a Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 113 e seguintes da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Dende o ano 2009, e ao abeiro do Plan de Viabilidade 2009-2011, aprobado polo Padroado da fundación o 25 de setembro de 2008, os patróns veñen realizando achegas á Fundación en base ás necesidades reais de financiamento indicadas no plan, reducíndose ano a ano, coa idea de que a entidade sexa capaz de autofinanciarse no máis curto espazo de tempo posible.

Ao abeiro do anterior, a xunta de Galicia ven realizando achegas á Fundación Semana Verde en base ás necesidades reais de financiamento indicadas anualmente no respectivo plan de actuación e orzamento, que, para o ano 2019 foi aprobado por acordo do Padroado da fundación de 27 de decembro de 2018, no que se establece unha achega da Xunta de Galicia de 140.000 euros no presente exercicio.

De conformidade co exposto, e continuando có Plan de viabilidade iniciado en anos pasados, e sendo vontade da Xunta de Galicia contribuír a paliar a tendencia estrutural de desequilibrio orzamentario e acadar, na medida do posible, un equilibrio estable que permita dotar definitivamente de viabilidade económico-financeira á Fundación Semana Verde de Galicia, formalizan o presente acordo.

A Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza transferiu á fundación, no primeiro trimestre do exercicio económico, o importe





correspondente á súa achega, 40.000,00 euros, con cargo á dotación da aplicación orzamentaria 05.21.121A.873.0 (C P: 2015 00116).

A Consellería do Medio Rural aportará 100.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 13.01.711A.743.01 (C P: 2015 00614).

Traia sinatura do presente acordo, ampliarase crédito na aplicación orzamentaria 05.21.121A.873.0 (C P: 2015 00116) dos vixentes orzamentos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dende a que se transferirán os créditos á fundación, que os destinará a satisfacer os compromisos adquiridos que se deriven das actividades propias que constitúen o obxectivo fundacional segundo o establecido nos seus estatutos.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2019

A Secretaria Xeral Técnica

Beatriz Caña Barja

